



# PREVENCIÓN E SAÚDE LABORAL ANTE O CORONAVIRUS NAS TENDAS DE ALIMENTACIÓN

## ANTES DE IR AO TRABALLO



### PERSOAS SENSIBLES

O servizo de prevención de riscos laborais deberá **identificar e valorar** as medidas para o persoal especialmente sensible.



### FEBRE

Non ir traballar con febre ou síntomas da COVID-19 ou se houbo contacto próximo cunha persoa infectada.



### INFORMACIÓN

Difundir as recomendacións da autoridade sanitaria ante o coronavirus ao persoal traballador e os clientes.



### DESPRAZAMENTO

Mellor de forma individual. No transporte colectivo precísase o uso de **máscara**. Seguir as indicacións das autoridades.

## DISTANCIA DE SEGURIDADE



### DISTANCIA

Manter **1,5 metros de seguridade** entre clientes, produtos e persoal nas zonas de pago, exposición e reposición, almacén e conservación.



### MEDIDAS DE BARREIRA

Nas zonas de pago adoptar medidas de barreira como pantallas de metacrilato ou similar de fácil limpeza e desinfección.



### CONTROL DO AFORO

Cumprir co **aforo máximo permitido**, controlar e organizar a entrada da clientela por quendas e **evitar aglomeracións**.

## HIXIENE E LIMPEZA



### LAVADO DE MANS

Facilitar o **lavado frecuente das mans** ou o uso de solucións hidroalcohólicas. Lavalas antes de poñer e logo de quitar as luvas.



### MATERIAL DE LIMPEZA

Reforzar a dispoñibilidade de material de limpeza e hixiene. Facilitar aos clientes na entrada solucións hidroalcohólicas e luvas desbotables.



### VÍAS RESPIRATORIAS

Cubrir as vías respiratorias cun **pano desbotable** ou co antebrazo ao tusir ou esberrar e desbotalo de xeito adecuado. Se esberramos ou tusimos con máscara, cambiala despois e lavar as mans.



### OLLOS, NARIZ E BOCA

Evitar **tocar** os ollos, o nariz e a boca, xa que as mans facilitan a transmisión, tamén cando se usen luvas e máscara.



### LIMPEZA DE ESPAZOS

Limpar e desinfectar **frecuentemente** todas as superficies, equipos de traballo, utensilios, mostradores, TPV das caixas rexistradoras, agarres de carros e cestos, etc.



### VENTILACIÓN

Ventilar a diario e reforzar o **mantemento** dos sistemas de climatización e ventilación.



### MÁSCARAS

O uso de máscara é **obrigatorio** aínda que se poida garantir a distancia de seguridade interpersonal de 1,5 metros.



### HIXIENE DO PRODUTO

Protexer o produto **sen envasar** en vitrinas, plástico, cristal, metacrilato ou outro material. **No autoservizo**, daranse indicacións para o seu lavado e tratamento.



### COMIDA

Evitar **compartir** comida, bebida, utensilios e outros obxectos, sen limpalos previamente.

## MEDIDAS ORGANIZATIVAS



### SINALIZAR

Sinalizar **no chan** as distancias a respectar e definir camiños para desprazarse con seguridade.



### ORGANIZAR QUENDAS

Organizar por quendas ao persoal para **evitar contaxios** e garantir a continuidade da actividade.



### CONTROL DE ACCESO

Controlar o acceso **dos provedores** e fixar horarios para a entrega de mercadorías.



### CARGA FÍSICA E MENTAL

Valorar a necesidade de **reforzar persoal**, realizar **pausas** ou **alternar tarefas** para minimizar a carga física e mental do persoal.

## INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA (ISSGA)

A Coruña  
981 182 329  
issga.coruna@xunta.gal

Lugo  
982 294 300  
issga.lugo@xunta.gal

Ourense  
988 386 395  
issga.ourense@xunta.gal

Pontevedra  
886 218 101  
issga.pontevedra@xunta.gal

Santiago  
881 999 332  
issga@xunta.gal